

EXAME LÍRICA MEDIEVAL B CORRIXIDO

1. Contexto histórico e lingüístico na Idade Media (1 PUNTO)

O contexto histórico e lingüístico na Idade Media no ámbito galego-portugués caracterízase por:

- a) A Era Compostelá (séculos XII - XIII). É a etapa de máximo esplendor da Galicia medieval. É unha etapa sen grandes conflitos, na que medra a poboación, crecen as cidades e vilas... Nese contexto medra a lírica trobadoresca.
- b) O galego era unha lingua plenamente normalizada; era a lingua falada por toda a poboación (campesiñado, burguesía, nobreza...). Desde finais do século XII, o galego convértese tamén na lingua escrita en que se redactan todo tipo de textos (administrativos, xudiciais, didácticos... e tamén literarios)

2. Establece a periodización da lírica trobadoresca galego-portuguesa: (0,5 PUNTOS)

A lírica trobadoresca galego-portuguesa desenvólvese plenamente durante o século XIII e a primeira metade do XIV (150 anos). Diferenciamos tres etapas:

- Período pre-trobadoresco (s. XII), a cantiga máis antiga data de 1196
- Período de esplendor (lírica galego portuguesa), do século XIII a mediados do XIV
- Período de decadencia, de mediados do XV en diante

3. Establece as principais diferenzas entre a cantiga de amigo e cantiga de amor: (1 PUNTO)

Cantigas de amigo: voz lírica feminina, unha doncela expresa o amor polo amado (amigo), orixe popular, simboloxía da natureza

Cantigas de amor: voz lírica masculina, o trobador expresa o amor pola muller amada (senhor), é sempre un amor non correspondido, orixe culta, relación de vasalaxe.

4. A lírica trobadoresca na Provenza: (0,5 PUNTOS)

Na corte de Poitiers (petencente ao ducado de Aquitania) xorde e desenvólvese, co apoio da nobreza, unha importantísima escola literaria: a primeira escola trobadoresca. As técnicas e os temas desenvolto polos trobadores da Aquitania axiña se poñen de moda e se espallan, primeiro polo territorio occitano e logo por toda Europa.

5. O espectáculo trobadoresco: (0,5 PUNTOS)

A lírica trobadoresca combina poesía e música. • As cantigas non eran poemas para ser lidos / recitados (coma os de hoxe en día), senón para seren cantados, interpretados con diversos instrumentos e a miúdo tamén con baile. Formaban parte dun espectáculo integral pensado para entreter os membros da corte.

6. Caracteriza a lírica burlesca e explica a diferenza entre cantigas de *escarnio* e *maldizer*: (0,5 PUNTOS)

As cantigas de burlas teñen un modelo no sirventés satírico-moral provenzal, son composicións satíricas e críticas contra diferentes clases sociais. Presentan normalmente unha linguaxe obscena. Distinguimos dous tipos:

- as cantigas de escarnio, que eran as que falaban mal dalgunha persoa. Era, xa que logo, sátira persoal, e nela empregaban palabras de dobre entendemento (con dous valores semánticos) mediante a equivocatio (*equivoco, ironía, dobre sentido*). Satirizaban de forma indirecta e encuberta.
- as cantigas de maldizer, eras aquelas nas que se falaba mal de forma aberta. Implicaban unha sátira clara e directa, na que se lle chamaba ás cousas polo seu nome.